

CADERNO DE SOMOZA

Primeiro apunte:

SER EU: non chego a alimentarme do ar como eles cren, pero si da miña xenreira. Outros fuman para encher o estómago e a min tanto me ten, non os critico nin os atafego. Sei que a nosa doenza é fonda coma o cavorco que soterra a vontade dos homes, que por iso nunca a atopamos e ficamos ben quedíños. E algúns ledos, abofé, pero non me atopo eu entre eles. Mais quedo si estou. Fitando para fóra tras da xanela. Matinando na chuvia ou en min mesmo.

Estamos a mediados do Ciclo Húmido. Iso de seguro, posto que sempre o dicimos; aínda dentro dun mes estaremos a mediados do Ciclo Húmido, porque xa non queda xente que lembre os principios e habemos de morrer todos antes de chegar aos finais, e tanto é así que o do Ciclo énos por momentos dun optimismo irrisorio. Debería de facerse distinción dos diluvios coma dos ríos. Sabemos que o Nilo é o máis longo e o Amazonas o máis caudaloso, e non é o segundo mellor ca o primeiro nin ao revés. Pois sosteño que o tal Diluvio Universal de cando Noé foi o máis extenso, porque fulminou á xente do globo enteiro, mais o noso, culpábel de que non lembre o que é mastigar unha leituga, é de seguro o máis lonxevo nesta comarca.

Daríalle o que fose a quen me revelase cal é esta comarca.

Só podo dicir o que levo vivido, que xa son anos -case cincuenta, non deixo de sorprendeme de lembralo con precisión-, e o que levo visto, tanto na rúa coma tras dos vidros mollados, pero iso é moito porque non perdo detalle. A miña pel a punto de podrecer xa case non atura máis auga, pero cando a concentración de pingas sobre a superficie da fiestra é moi elevada emprégome en secala cun pano e coa axuda dunha luva de goma. O que queira que chegue non me vai coller por sorpresa. Aquí no Antro repartimos roles coma se estivésemos navegando nun buque, e eu fago de vixía. Non

deixa de ser un pasatempo, pero concentrámonos en tomalo en serio. Somos cinco mariñeiros devecendo por rematar unha singradura que non iniciamos nós, senón na que fomos guindados á deriva.

Falarei do Antro e logo da tripulación, primeiro o escenario, logo os actores. Se este fose un escenario común o pano estaría sempre botado, pois non estamos para funcións cando se hai que tapar do frío e da chuvia. Nin sequera deixamos as cortinas na ventá. Os casos xa non abundan para conter as persistentes goteiras, tan fiadas que semellan caer dunha billa aberta. O Antro é un pequeno habitáculo con forma de cruasán, particularidade xurdida de dúas infamias: unha primeira cara ao interior e unha segunda cara ao exterior. Aquela consistiu nunha renovación inxusta do tabicado, en que nos arrebataron un anaco para incorporar un aseo ao departamento contiguo, onde habitan outros reos de mellor caste. A outra veu dada pola resolución do vértice do bloque nunha sorte de chafrán curvilíneo; a licenza arquitectónica non tería relevancia se non fose un adherido concupiscente só á altura do primeiro piso ao que non se lle fixo un homólogo embaixo. Unha morea de trebellos érguense coma os pilos dunha centuria romana dende o solo ata o noso chan para sostérennos a casa, e dicía Xerome (Jêrome, pero déixanos pronunciar a pracer) que non vía cousa igual fóra dunha postal que un amigo lle enviara coa foto dunha aldeíña á beira do Ganxes.

Doutra banda o teito, enxeñado coa virtude da filtración tal para facer café, está constituído por un espallamento de placas de uralita sobre unha estrutura de vigas dispostas coma un tres en raia, que pouca confianza dan. As pingas que se deslizan a través delas son detestábeis, pero as xemelgas que non o fan, producindo coa súa treixada na uralita un atrono enxordecador, son aínda peores; a auga é unha puta en todas as súas formas. As paredes, en especial a interior da que ás veces emana certa calor, son as únicas que nos conservan medio enteiros. No referido á disposición, a

porta principal sitúase no corosco dereito da planta, que tamén recolle un percheiro ategado de chaquetóns, paraugas e chapeus e un zapateiro para almacenar as botas, xunto cun felpudo liso, pois nin nós nin a Intendencia temos carácter para debuxos, e o conxunto dá boa acollida á morada.

Por toda a estancia central temos ciscados os nosos colchóns, sabas, sacos, mantas, edredóns, cortinas, farrapos, manteis, estolas, panos, e bolsas de auga quente que fomos gañando polo bo traballo. Aínda así procuramos durmir en ringleira, coma esquimós nun iglú, pois é o mellor para nos manter mornos. Ao outro corosco reservámoslle a función de pequeno trangalleiro, no que un plasticallo graxento cobre o noso material de traballo para que non se oxide. A Intendencia tennos como peóns de mantemento do Purgatorio, que así coñecemos entre nós a este cárcere balorento, pois todos aquí estamos expectantes por saber se nos mandarán para a casa ou para a gaiola; é un sitio de transo dun par de eternidades, algo perenne, malia que dende a Intendencia se presente coma a institución do futuro.

O noso Antro está xusto na esquina do cuadrante surleste do Purgatorio, que en si é unha colmea de formigón chea de cables, circuítos requintados e condutos de folla de lata que nós habemos de supervisar. Todo forma parte dos sistemas de acondicionamento e seguridade que van dar ao edificio central da Intendencia, no centro do plano. Non nos paga a pena procurar sabotaxes, o escape está demasiado complicado. Un canal ancho asolaga todo o perímetro do Purgatorio, sendo ademais vertedoiro de toda a quincalla que se produce, de aparellos e baterías eléctricos, e pérdense as ganas de facer largos nel. Toda a humidade ácida de aquí é o que nos está a podrecer a carne. Só hai unha ponte de asfalto que fai de *by-pass* co mundo dos vivos saíndo da metade da rúa norte, pola zona e8 –o plano desta cripta de chumbo está dividido

nas mesma coordenadas ca un taboleiro de xadrez. Dúas patrullas de cinco gardas filisteos fan quendas para custodiar a fronteira.

Logo de toda esta esbardallada aínda seguimos a ser cinco no Antro. Xerome, o gabacho do que xa falei antes, é aínda o grumete da panda. Foi o último en entrar e aínda lle que queda algo de optimismo ao miñaxoia. Axúdanos a transportar cousas, fai de recadeiro, mira con interese por aprender o oficio. Mais ten responsabilidades fodidas como limpar os ouriñais que empregamos por estar faltos de baño, cargo que o almirante lle asignou para probar a súa enteireza e polo que nunca chista. Cáeme ben porque eu fun coma el aí atrás.

Patapau Carballo ou Pata de Pau de Carballo como lle chamamos ás veces é o noso pirata, porque o coitado ten unha perna trenca e moi mala hostia. O único amigo que ten é un rato que amestrou para que se colase no apartamento do lado e así saber cando están os veciños mimados. Cando baleiro, entramos e acendemos a calefacción dos moi cabróns, que nunca a poñen por avaricia. Ao roedor non lle chega cun oco e Patapau tenlle feita máis ben unha galería de soportais. Á noitiña gusta de velo arrecunchado para durmir coma un entrañable punki bébedo, arroupado pola luz da lúa que se dispara contra os buracos do rodapé a través da miña fiestra. Patapau é o enxeñeiro xefe do grupo, analiza o que falla e logo entramos nós á lea. Penso que se especializou así para poder traballar só e non ter que aturar a ninguén que lle diga como facer as cousas.

Cigarrón é o que se encarga destas artesanías da reparación comigo. Ten unha face coma un piano: os seus bigotes afiados son coma as cordas e o seu amplo sorriso coma o teclado. O resultado retrotrae a esa icona que Carballo, el e mais eu lembramos dos Entroidos da nosa infancia. Aquí non hai tal festa nin ningunha outra, o ambiente festivo brilla pola súa ausencia. En calquera caso a mala vida está virando silvestre o mostacho de Cigarrón e case nin el se recoñece. Está extremadamente fraco, pero aínda

lle quedan boas maneiras e iniciativa abondo. Isto convérteo en brazo dereito -subcomandante de a bordo ou algo así- de Kowalsky, o almirante. É o máis vello, e está preto da decrepitude, pero se algo nos queda de persoas é que sabemos respectar a experiencia dos nosos maiores. O rostro de Kowalsky é semellante ao dun *bull-dog*, mais ten as orellas tan crecidas que parece cruzado cun sabuxo. Sacámoslle todos unha cabeza de altura, polo que o momento en que nos dá instrucións semella o tempo morto dun partido de baloncesto, cando os mangallóns do equipo se axeonllan perante o seu adestrador. Na súa calva as manchas da pel xunto coas engurras imprimen un documento exclusivo de cartografía antiga, é unha desas pegadas da vida no físico que impiden a posta en dúbida do seu criterio. Algo semellante ocorre coa súa voz, pois no seu acento arxentino percíbese aletargado o sufrimento de todos os seus devanceiros emigrados. É algo moi difícil de describir, coma unha coita de ton grave que reverbera nos nosos tímpanos, un alento mesiánico.

Eu son Fernando Somoza, e teño apelativos para todos os gustos. Xerome e Cigarrón chámame Nando, que coido que é un vocativo ben preñado de afecto, e Carballo e Kowalsky acostuman a chamarme polo apelido, o primeiro por distanciamento e o segundo por respecto. Mais todos me chamaron algunha vez James Stewart polo de estar espreitando pola xanela sempre que estamos no Antro. Non é que me desguste, mais sempre respondo airado que eu non son un tolleito. Coido que non o volverei facer porque me da a impresión de que Patapau tómao a mal.

Desfacer a vida acó non é tan diferente de desfacela en calquera outra parte. É máis desagradábel que os lugares onde existe o sol, mais non tan diferente na mecánica. Nesta cripta tamén funciona o sistema de privilexios, e o departamento á beira do noso é un exemplo evidente. Mentres os reclusos dispoñen de cartos na conta corrente, dóanos á Intendencia para que lles mellore a habitabilidade do seu Antro. O problema é que os

reos nunca senten falar do día en que eses cartos se acaban, e ese día comezan a lles cobrar de outro lado. Os xefes da Intendencia obrigan ás mulleres das familias destes a que lles sigan pagando en especies. Calculo que a estes do noso carón xa lles fixeron embargo de todas as súas donas. E iso se non abordaron xa ás fillas. Máis dunha vez temos escoitado berros repugnantes ao estar facendo amaños nos pisos superiores da sede central. Síntome na felicidade paradoxal de que ningún de nós teña a ninguén fóra deste lugar. O xúbilo nestas circunstancias provén dos recunchos máis escuros e trastornados do maxín. Cando o frío non permite durmir matinamos no pasado, por ser o único que non nos poden quitar, e non sen remordemento, pois a morriña do pasado non permite acadar un futuro, eu sei ben porque aí atrás tiña pensado entrar en política. A vida é coma conducir: está ben levar os retrovisores, mais hai que mirar adiante para chegar a algures. E se avanzar non paga a pena só nos revolvemos coma coches movidos polas lembranzas, tan etéreas elas... mais tan nidias a un tempo.

Así ás veces dásenos por falar. Procuramos ir por orde e amodo. Durante os traballos de campo ou as tarefas do Antro intercambiamos frases curtas e veloces, para non causar distraccións; se pode ser unha palabra, un aceno, unha mirada, cada unha mellor cá anterior. E de feito polo costume xa case nos lemos o pensamento, pero hai que falar. E hai que escoitar ao que fala. Mais falamos na escuridade da noite, que ao ser absoluta é moito máis cómplice e íntima cá diúrna na que distinguimos a decrepitude do noso fogar, así que desculpamos ao que caía vencido polo sono. Este é especialmente difícil de combater escoitando a Carballo ou a Kowalsky, que teñen sendas voces envolventes coma un arrollo sereno, aínda que ambos relaten moi ben. E Cigarrón, e Xerome, e mais eu tamén relatamos ben, con profundidade e delicadeza. Supoño que todos somos grandes narradores cando corresponde falar do que nós mesmos somos, pero tamén inflúe esa emoción que nos embarga ao sentirmos comprendidos polos do

noso carón. Tivemos que chegar ata aquí, ao confín do humano, para coñecer este sentimento de empatía, para percibir un salouco, que en principio crías emitido por ti, máis que era dun compañeiro conmovido ao outro lado da xincana de sabas e mantas. Dese xeito dámonos afecto, sempre envoltos no preto, sempre en ausencia de roces, con pose de cabaleiro impertérito, malia que a verdade é que sentimos o nailon do saco coma a extensión das peles dos demais arroupándonos. Apenas comentamos nada do día a día, falamos dos tempos anteriores a entrarmos no Purgatorio. Xerome descríbenos Francia, pola que viaxou ao ancho e largo, parándonos cada día nunha etapa do Tour para que nos situemos de xeito aproximado. Curiosamente a todos nos gustaba o ciclismo no pasado, e inconscientemente interrompemos ao noso grumete para facer apreciacións sobre a emoción das etapas de montaña. Kowalsky, fregando a calva cunha man para quentar a memoria, novélanos a súa vida de mariñeiro, a súa inimizade coas gaivotas, a forza coa que turraba polos cabos e as drizas, que ilustra rabuñando os callos que lle quedaron de recordo nas mans. Cigarrón e mais eu falamos abondo de fútbol, desas grandes vitorias dos nosos equipos locais que presenciámos no campo, nas que a euforia nos facía repartir apertas a todos os do noso carón. Para ver o fútbol non me importaba aturar acabar empapado pola chuvia. Quen me dera iso hoxe que ando traballando con dous impermeábeis. Carballo fala moi de cando en vez, pero cando o fai é longo e tendido. Lembra a vida na súa aldea, que comezou cunha infancia difícil. A súa nai puxéralle barrotes na ventá do seu cuarto para que non fuxise polo monte e telo ben atado. Un día nun arranque de carraxe rebentou unha cella contra eles e debeulle de doer máis aló da carne. Agora o coitado incluso tiña que empregar un garfo particular en forma de serra dentada porque o clásico lembráballos e non era quen de comer. Xa crecido dedicouse a facer amaños, coma agora. Na aldea non era o Patapau, senón o Aquelador. Revisaba o tendido eléctrico cando se achegaban treboadas, quitaba o óxido

dos arados, desatoaba a arqueta das pozas cando comezaban a feder. A súa choza estaba moito máis chea de trangallada có Antro, pero é que adoraba o cheiro a po. Para el ese era o cheiro da presenza humana e non do abandono. Segundo el os únicos pulcros son os mortos. Mais gustaba moito de poñerse prea e iso fíxoo ir perdendo pulso, cada vez daba feito menos cousas. A mala vida foi a que lle levou o trombo á perna. Logo diso o seu carácter foi tornando máis e máis acre cos do seu redor, acostumouse á soidade ata o punto de precisala. En realidade, cando fala soamente o fai para si mesmo, malia que remate agradecéndonos que o escoitemos.

Falamos moito, pero en ocasións dubidamos de se todo o que nos contamos foi verdade ou foron soños, pois xa non sabemos cando entramos aquí. Parece que nos coñecemos dende sempre, que sempre estivemos aquí os cinco, incluso Xerome, que debe de ser o novo porque si, non porque lembremos cando entrou. Non sabemos quen foi o primeiro nin quen o último. Se cadra Kowalsky non é mais vello ca ningún de nós. E se non sabemos como chegamos ata aquí moito menos imos saber por que. Seguramente acordamos un mal momento para existir á vista de outros. Soamente albedo unha cousa que me asegura que estiven fóra, pois non é unha lembranza, que podería ser infundada, senón unha emoción profunda, unha razón cósmica: as noites a escuras vadeando os meandros das mulleres ás que quixen, o hálito morno que desprendín tras dos seus pescozos, os bicos desenfreados que conducían ao hematoma labial, o coito sobresaltado, descontrolado, tenso, violento e profundamente amoroso. Noto a perda da paixón, que é unha forma de morrer. A Intendencia achega ás veces ata aquí a unhas pobres almas para que se prostitúan, e eu confésome culpábel de ter intentado volverme atopar nos corpos desas mozas. Mais sentía que elas se axeonllaban sobre min coma nun bidé. Talmente coma apoiadas na louza fría, con ese tremor que se precipita no primeiro

contacto. E eu impasíbel, sen sangue rebulindo en ningún lugar do meu físico en especial. Todo perdido.

Remata a escoita e quedamos durmidos coma pedras, aínda que espertemos aos poucos pola tromba que está a pegar no teito, polo xemido das táboas do chan se nos movemos, polo frío que penetra ata os osos ou pola calor que nos dan as roupaxes, por un cacharro que esvara da pía que hai no curruncho, porque outro tamén espertou na noite e non o queremos deixar só. Ou porque algún recadeiro da Intendencia peta na porta para avisar dalgunha urxencia que nin sequera se haberá de remunerar. Pobre del. É outro recluso coma nós ao que lle tocou en sorte o peor de todos os traballos que hai repartidos por aquí, non recibe máis que insultos e batidas de porta. En realidade ningún dos traballos é moi diferente, todos consisten en prestar algún tipo de servizo a ese organismo que se proclama o noso benfeitor. Na teoría un pode eximirse de lles prestar servizo, pero posiblemente morra de frío se non ten nada que lles vender. Tampouco pagan, explótannos como queren a cambio de roupa de abrigo ou equipamento para as covas, e rúlannos algo de tabaco. Así non hai forma de mercar a liberdade. Non é fácil contestar ben ao que che esperta cun traballo nesta situación.

Cada día vexo algo igual e algo distinto a través da miña fiestra. Sempre están aí o meandro da canle perimétrica, o lastrado da vía, a caseta de vixilancia con Fonte facendo pasatempos e Pericles botando un pito tras doutro, e a puta choiva maligna. Pero esas son as cousas que xa nin miro. E máis aló só atopo deformidade, un *smog* fétido e baboso que asolaga calquera chisco de luz, a un tempo compacto, coma formado por proteínas, e mastigábel, coma o algodón de azucre. Semella unha cortina de fume entre trincheiras trala a que a xente se fusila ao chou. Eu teño esa mesma certeza do soldado. A de que alguén, máis preto ou máis lonxe, está detrás.

Ultimamente dáme por facer acenos de saúdo a través da xanela con tento, convencido de que me están a observar nalgures. Se cadra hai unha cámara de vixilancia e estou poñendo nervioso ao pobre Fonte e por iso de cando en cando mira para aquí con noxo. Se cadra hai un francotirador no quinto carallo que se divirte contemplando a miña mímica mentres decide se me cisca os miolos. Ou se cadra anda por aí o vixía doutro navío que está a repetir o mesmo que fago eu pola posteridade, ese absurdo que figuraba nun contiño rimado de Hans Traxler que lembro ben. Pero eu estou saudando aínda máis lonxe. Hai algo cambiante alá no fondo, un Iso que parece chamar por min, ou quizais por nós os cinco, aínda que hai tempo que penso que a súa pretensión máis ben é non achegarse.

Fago un exercicio de empatía co Iso, para saber como me contempla dende o outro lado do *smog*. A sensación de compañía pareceralle suficiente, pensa en nós, pero para que vai facer máis. De aquí xa sairemos sos se temos que saír. O Iso alédase en augas tranquilas mentres nós imos a pique, pero dános a entender que nos mira, que falará do noso afogo aos outros para que pensen tamén en nós. Mais non se achega a remolcarnos. Quérolle gritar por que afundimos, quen somos, pero non vai escoitar. As súas mónadas falarán alto entre elas para non ouvir. Pero eu seguirei plantado diante da ventá cada un dos días ata que me faga caso.

Segundo apunte:

Estou na outra beira! Crucei a ponte! Pero cheguei medio cego. Parezo condenado a non ver máis ca nebulosas. As últimas horas pasáronseme coma minutos. Por fin rematou tanto pesadume. Estou exhausto. Sentei enriba de algo que polo tacto parece un pneumático de camiión. Un pneumático guindado no medio da herba silvestre. Debín de pasar media hora fregándome o torso espido nela. Agora mentres descanso aproveito

para escribir o relato do acontecido, e así tamén vou dando creto. A letra haberame de saír un pouco movida, pero son bo calígrafo e non teño presa. Ansia si, pero iso é algo distinto.

Houbo treboada e hai unhas quince horas o Antro veuse abaixo. Os pilotos ferrallentos tronzaron e alá foi o cruasán ó leite. Carballo, que xa rematara a súa parte do traballo matinal e marchara botar unha soneca, veu de contado canda nós para reportar a catástrofe. Ao distinguir no fondo da estrada ao Patapau correndo, coma esquecido da súa doenza, fun embargado por un latexo terrorífico. Logo a torsión de derrota que executou Kowalsky cando escoitou ao trencos punzoume o ventre. A combinación de ambas cousas xeroume unha dor fortísima no peito. Cheguei case ás apalpadelas ata a zona cero, onde os meus camaradas xa agardaban por min, hieráticos e meditabundos, agás Xerome que berraba coma unha pranteira. Talmente a comitiva dun velorio. .

Non perdemos nin un intre para achegarnos ata a sede da Intendencia para esfolar a quen tivese a coraxe de se poñer diante. Varios funcionarios fóronnos mandando plantas arriba para falar cos seus superiores. Ningún tiña moita gana de apandar. A partir do décimo piso apenas asomabamos do ascensor para soltar un berro. Rematamos na vixésimo segunda planta rentes dun fulano ao que lle faltaban dous buracos para poder poñer o arco da vella de cinto, e que resultaba ser o delegado da Sección de Mantemento, polo tanto o noso xefe. Telepaticamente comentámonos o apetitosa que por momentos se facía a idea da agresión brutal. Pero metía algo de medo. Os pregos grosos da pel da súa caluga e as súas cellas, que parecían borraróns agresivos dun neno que non sabe colorear, daban a sensación de que a súa cachola fose estoupar. Kowalsky explicoulle diplomaticamente o acontecido. O cabrón soltou unha gargallada tántrica: tentaba tragala para disimular, pero só conseguía inflarse e pegar botes no asento. “Mala

sorte”, dixo. “Pois xa non quedan departamentos, así que a ver que facemos convosco.”
Sacudiunos esa vertixe de cando algo gordo está a piques de suceder.

O tipo fixo un par de chamadas. Mandou facer unha peritaxe do sinistro para saber se había algún amaño viable. Viuse que non escoitaba. Tan pronto como chegou o arquitecto da corporación devolveu o telefonazo para saber a que carallo o mandaran a mirar para un monte de escombros. O xefe seguiu pulsando teclas co matapiollos, e Cigarrón esbozou un dos seus sorrisos fóra de lugar. Logo contounos que el mesmo se sentía coma un becho a punto de ser esmagado. Atopámolo perfectamente plausible. A paranoia era case unha tripulante máis do noso grupo.

Pasado o tempo un dos subalternos comunicoulle que había un oco habitable na cabina de vixilancia á beira esquerda da ponte. Estaba abandonada e inutilizada porque abondaba coa da beira dereita, que collía mellor ángulo. Os intercambios de miradas –coñeciámonolas demasiado ben- foron reveladores. Calquera que os presenciase con coñecemento de causa diría que eramos campións do mundo de mus. Sabiamos que había que aproveitar ese curruncho para montar algo e fuxir de alí.

Nunca pasamos unha noite igual. Máis apertados ca nunca, suorentos da tensión, matinando no que había que facer. Besbesellando algunha idea ao do lado. E eu relixiosamente axeonllado perante a fiestra da cabina, fitando para a ponte. Mais lembro algúns dos diálogos cunha claridade diáfana.

CIGARRÓN.- Molláronseme os pitos. Así non hai quen pense.

KOWALSKY.- Mírame a min rapaz, que levo dúas horas sen facer outra cousa.

CARBALLO.- As que levo eu palpebreando.

KOWALSKY.- Ocorréronseme dous plans. Para o primeiro precisamos deslizarnos ata o borde da canle e mergullarnos ata a outra beira... Polas vosas caras prescindirei xa de afondar neste. O segundo consiste en aproveitar o cambio da quenda de garda. Sería ideal conseguir uns traxes para suplantar aos patrulleiros.

CIGARRÓN.- Perdón, almirante, pero isto non é unha peli de espías.

XEROME.- Coido que eu podo conseguilos! Coñezo ao encargado da limpeza das garitas. Esta porque está abandonada, pero acostuman a ter reservas de equipamento.

CIGARRÓN.- Nin o tío ese vai xogar o pescozo por nós nin vas ir espertalo en noite pecha.

CARBALLO.- Cambiádeme de sitio, estame doendo a perna. Eu seguirei calquera instrución que dea, almirante. A min xa non se me perde nada se sae mal.

Aquela frase foi un agoiro. Un clamor da nosa consciencia; non ía dar bo resultado, pero tampouco tiñamos opción. Probablemente nos terían abandonados na garita ata acabarmos coas pernas escrequenadas ou tolos pola falta de sono. Mirei de esguello a Cigarrón que deixou de poñer obxeccións. Intuíu a miña ollada e correspondeuna mentres engurraba os beizos nun xesto de conmiseración por todos nós. Carballo, pola súa banda, estaba visiblemente afectado pola perda do rato. Ofrecinlle mirar pola ventá. Onte á noite o aire acariñaba as fazulas cun frescor especial, ata a terra nos facía xestos piadosos. Víase tamén a lúa chea e chovía menos que de costume. Pata de Pau viroume a cara cos ollos turbios. Esquecéraseme o seu trauma cos barrotes da xanela. Con semellante aversión polo aprisionamento como non ía querer xogar todo a unha carta. Kowalsky pola súa banda fregaba a cachola cun tento magoado. O único que parecía non percibir o agoiro era Xerome.

XEROME.- Insisto en que podo conseguir eses traxes. A cousa pode saír ben, confiade en min.

CIGARRÓN.- Se non é por non confiar, ho. Pero esqueces que eses gardas non son xente de aquí, que nos poden furar os miolos sen remordementos.

XEROME.- Pareces ser ti quen o esquece. Precisamente por non nos coñeceren pode saír ben a xogada.

KOWALSKY.- O problema é se se coñecen entre eles.

A esa pregunta indirecta si que lle sabía a resposta. Coñecía ben as quendas de Fonte e Pericles de tanto velos pola fiestra e, polo que me fixei ao ir facer traballiños polo Purgatorio adiante, o sistema de quendas funcionaba do mesmo xeito en todas as zonas, incluída a da ponte. Os vixilantes diúrnos tiñan praza fixa, pero as quendas nocturnas eran desempeñadas polos novatos da empresa de seguridade. Os mangallóns non adoitaban soportar a modorra que causaba a monotonía de chuvia e ou eran despedidos por quedaren durmidos ou deixaban o traballo *motu proprio*. Aínda a sabendas disto nós mesmos non fomos capaces de combater esa somnolencia da noitiña para ter trazado antes un plan de fuga. O Antro era unha merda, pero chegounos a resultar comfortable e entrábanos facilmente a preguiza que flota no aire do fogar.

KOWALSKY.- Se o que di Somoza é certo a cousa pode resultar. Os cinco xuntos podemos facernos pasar polos da quenda da mañá perante os novatos, acudindo dez minutos antes da hora para non toparmos cos auténticos.

CIGARRÓN.- Dez minutos non é moito tempo. E pódennos coller, que entre que os da noite marchan de alí e os outros se adiantan algo...

CARBALLO.- Pódennos trincar e poden non facelo. A min váleme o plan.

Nese intre preguntáronme a miña opinión. Decidín non pronunciarme ata termos os traxes dispoñibles. Xerome saíu fungado da garita sen mediar palabra para ir buscar ao colega da limpeza. Un dos vixilantes de enfronte detivo ao grumete, pero este realizou un labor sobresaliente de enmascaramento aproveitando a sombra dun dos canalóns que por alí preto baixaban. Afirmou que saía facer un traballiño na Intendencia e o mangallón deixouno en paz. Ao final non tería importado que lle vise a cara, pois el non volveu. Vímolos afastarse pola travesía central ata que virou preto da sede da Intendencia. Esperamos a que rematase de vagabundear durante un bo anaco. Eu estaba pendiente da vixilancia, pero os demais aproveitaron o oco que deixara o francés para se acomodaren e durmir un anaquiño. Repasei tantas veces a estrutura da ponte e o comportamento dos gardas con tanta fixeza, asomando os fouciños por entre os barrotes, que para cando chegou o colega de Xerome eu xa estaba arrefriado. Apareceu sen el, que quedara a cubrir o seu baleiro para non botar todo a perder. O tipo confesounos que aceptara a proposta de Xerome coa condición de formar parte da fuga. O gabacho sabía que só podíamos ser cinco e sacrificouse polo grupo. Manda carallo.

Djukic, que así se chamaba o coitado, apareceu cos cinco traxes de vixilante regulamentarios, algúns máis raídos e outros menos, pero haberían de valer. Chegados a este punto e tralo sacrificio de Xerome non ía ser eu quen desartellase o plan, así que lle dei o meu apoio a Kowalsky. El mesmo se ofreceu para conversar cos gardas de servizo e convencelos de marchar. A súa ancianidade dáballo o aspecto tal dun vixilante matutino a punto da xubilación. Todos íamos máis tranquilos deste xeito.

O seguinte paso do plan era conseguir saír da garita para aparecer fronte a eles pola mañá dende unha traxectoria verosímil. Non foran estes os que nos trouxeran aí a pernoctar, pero de ningún xeito pintabamos nada saíndo dunha garita vella e inutilizada. Estivemos valorando a situación e a eficiencia dos vixías durante un anaco. Había que

comezar a darse présa, pois non quedaba moito para o amencer. Cigarrón batía a porta da garita con algo de forza mentres eu esculcaba se algún dos mangallóns facía un movemento brusco que denotase a súa percepción do barullo. Non houbo reacción. Xa disfrazados deixamos a nosa roupa en fardos ben tapados que simulasen os vultos dos nosos corpos. Fomos saíndo con sixilo e ordenadamente en dirección contraria á garita da beira dereita -ese punto non precisou de aclaración, foi executado á perfección de modo tácito.

Deambulamos polo Purgatorio coma ánimas, máis ben malditas neste caso, e embriagados pola ansiedade adoptabamos posturas esaxeradas e realizabamos movementos case coreográficos bastante grotescos, créndonos espías infiltrados. As nosas mans entrecruzadas perfilaban mediante os polgares e os índices unha pistola do calibre 45. Incluso nun momento vin a Cigarrón apoiado contra a esquina dun muro deslizando as mans polas costas, cos brazos entrecruzados, realizando unhas torsións convulsivas, emulando o momento do bico apaixonado coa súa *chica Bond*. Meu pobre. Calquera de nós os cinco tiveramos o noso momento en que lle amosar á almofada como acostumabamos a bicar aos nosos amoríos da xuventude. A tristura que invadía o corpo no momento en que se esvaecía a fantasía resultaba indescritíbel. Por iso turrei amodo da chaqueta do meu amigo, indicándolle que tiñamos que terminar a volta, pero sen deixalo coa baba colgando. Xa quedaba pouquiño. O perímetro desa cripta tiña uns catro quilómetros e xa levabamos vinte minutos andando a bo ritmo. Decidimos non atravesar polas rúas do medio por aquilo de non atopar coñecidos nin ofrecer imaxes dubidosas aos sistemas de vixilancia. A luz do abrente xa asomaba pola beira leste mentres avanzabamos por ela. Habían de ser as sete e media ou así. A chuvia era fina e os uniformes moi quentiños, polo que estabamos ben na rúa. Divisabamos adecuadamente a garita a ocupar, asomados dende a esquina. As balizas da ponte,

pintadas de branco e vermello, semellábannos ese bastonciños de caramelo propios do Nadal ianqui e a nós transmitíannos tamén algo semellante a ese espírito epifánico que nunca antes compartira. O reloxo de Carballo, que sempre daba a hora exacta, indicaba que eran as oito menos vinte. Debiamos agardar un chisco máis para non resultar sospeitosos.

Alí sentado, apoiado contra a fachada de formigón da casa duns compañeiros -boa solidez, estes debían ser tamén dos acomodados- e coa chuvia fina sulfatando as pálpebras, miraba amencer cunha curiosa resaca abstemia.

De súpeto atopábame na praia da Salgadeira que me quedaba ao pé da casa cando era neno e tanto o corpo como os rostros desleixados dos do meu carón certificábanme que era a mañá de San Xoán. O que sentía tiña unha presenza moito máis aló do onírico. Logo de pasar toda a noite de troula, tirados no revolto da area coas brasas das sardiñas, cos ollos case pechos polo sono fitabamos para o sol emerxente do verán. Os músculos dondos trala batalla de horas contra a intemperie perderan a capacidade de manternos erguidos. E os ánimos esvaeceráanse coa noite que lles daba razón de ser. Embargados polo anticlímax agora todo nos parecía falto de sentido, e só quedaba facer un esforzo por camiñar ata casa e deitarse logo dunha boa ducha para quitar o salitre. Sentía a treixada agarimosa da auga morna abrigando o meu corpo espido. Pero unha man agarroume da caluga e turroume fóra da ducha.

Carballo deume un par de labazadas para cambiar a miña expresión. Freguei o orballo da face. Sen tempo para asimilacións, lancei os ombreiros cara atrás e con paso firme dobramos a esquina da beira leste coa norte. Os gardas divisáronnos inmediatamente, e os tres máis nugaláns comezaron a facer quecementos para sacudir o sono de enriba sen compostura ningunha, comunicando ás claras que de vixiar máis ben pouco. Os outros

dous mastodontes, máis imbuídos no espírito do cometido, achegáronse a Kowalsky, que ía na fronte, cun respecto perfectamente protocolario. Este pousou as súas mans nas enormes costas daqueles rapaces dándolles a gratificación de que lles recoñecesen o traballo ben feito. Amosábanse orgullosos e agradecían ese trato amábel ao que non estaban acostumados. O almirante non se despegou deles mentres recollían na garita os seus efectos persoais, entre os que distinguín un coitelo de caza duns vinte centímetros.

Recibín no xeonllo unha patada de Cigarrón que me advertía de que non mirase tan fixamente. Baixei a viseira e virei en redondo na dirección contraria á do meu camarada. Tanto el coma Carballo estaban xa ben metidos non papel e deambulaban entre as marxes da ponte esculcando ao lonxe, dispostos a detectar calquera cousa estraña. Os tres nugalláns xa marcharan sen nin sequera se despediren dos seus colegas. Os dous eficientes, coas súas sacas preparadas ao lombo, saían xa do posto de vixilancia e eran conducidos por Kowalsky cara á beira leste, ata onde se perdese de vista a ponte. Mais o almirante, interpretando coma un Brando, relatáballes anécdotas supostamente acontecidas durante os seus anos de servizo. Escoiteille mencionar unha conversa hilarante que tivera cun ionqui que lle solicitara o canuto de plástico do seu bolígrafo, previsiblemente para utilizalo como palliña nasal. Os entretidos mangallóns demoraban o paso para que lles dese tempo a escoitalo todo. Eran as oito menos cinco e xa case non había marxe ata a chegada dos auténticos gardas.

Comecei a facer repaso dos elementos da escena. Se había que corrixir algo tiña que facerse de contado. As barreiras da ponte estaban baixas, pero erguíanse mecanicamente en poucos segundos, igual cás do garaxe da Intendencia que xa arranxamos algunha vez. Mais a ponte debía de ter uns tres quilómetros, o *smog* impedía divisar a outra beira para sabelo con certeza. Contando coa perna trenca de Carballo non tardaríamos menos de quince minutos en cruzala, xa con esforzo. Ollei que tras da garita había estacionadas

dúas motocicletas, unha delas con sidecar, *o fortuna!* Debía confiar cegamente en que estivesen cheas de combustible, tendo en conta a lóxica de que se non de pouco ían servir para saír á caza de ninguén. E de seguro os contactos atopábanse no cadro de chaves do posto de vixilancia. Botei a andar cara a alí para collelos canto antes. Cigarrón seguía ao seu. Carballo pateaba o chan coma se intentase sacar algo á superficie, pero non era máis ca un tic da perna. Xerome... agora era Djukic. Esquecérame del. Vino avanzar cara a Kowalsky e os outros dous. Debeu chegar á conclusión de que había que meter présa. Os meus camaradas fitaban de esguello para el con desconfianza. Non podíamos saírlle correndo detrás, todo resultaría demasiado absurdo e podería ir a pique. Nun momento Djukic devolveu a ollada cara atrás, querendo comunicar que el tamén podía estar ao nivel de compenetración de Xerome. Pero non o estaba.

DJUKIC.- Compañeiro –dirixíndose a Kowalsky-, debería regresar ao seu posto, xa é hora de traballar.

VIXILANTE 1.- Amigo, déixanos aledarnos co acento arxentino deste veterano ata que acabe coa súa divertida historia.

DJUKIC.- Eu non son o seu amigo, mozo, e déixeme que lle diga algo: escoitar os contos dos demais é unha boa forma de pasar o tempo, pero débese asegurar de conservar a posibilidade de vivir os seus propios.

A cousa pintaba mal. O carallo do bolxevique estaba a soltar demasiado a lingua. Estiven por lle lanzar algo á cabeza.

VIXILANTE 2.- Que pretende dicir con iso, compañeiro?

DJUKIC.- Eu non pretendo dicir nada. Imos, axente, que se está a facer tarde e háenos de pasar o arroz.

O almirante, cunha cor de pel moi curiosa – entre branca, do pánico a sermos descubertos, e vermella, da ira que a estupidez de Djukic lle estaba a causar - avanzou uns pasos mudos. A man do segundo garda pousouse no seu ombreiro convidándoo a ficar quedo.

VIXILANTE 2.- Chamácheslle axente ao teu colega septuaxenario?

KOWALSKY.- Sexaxenario quererá dicir! – a situación era crítica pero non había por que faltar ao respecto.

VIXILANTE 1.- Axente de que, se estás traballando para unha empresa de seguridade privada? E para que se vos está a facer tarde se este traballo non consiste noutra cousa que perder o tempo?

DJUKIC.- A cona que vos fixo! Acabades de entrar no choio e xa vos credes en dereito de chamar a capítulo aos veteranos e de vos meter onde non vos chaman!

Entre as cabezas dos dous mangallóns, Djukic divisou á patrulla de vixilantes que tiña a quenda virando a esquina da sur coa leste en roupa de civil, achegándose na busca dos seus uniformes de traballo a un ritmo moi agresivo. En vinte segundos serían quen de recoñecer o rostro do mozo da limpeza vestido coas súas roupas e de avisar aos seus camaradas de que nos levasen diante dos xefes da Intendencia. Probablemente para que nos guindasen nas catacumbas do Purgatorio, a onde non chega nin o máis exiguu raio de luz e o ar nin sequera conduce o son da voz. Condenados á xordomudez.

Quen nos dera ter a Xerome. Djukic quixo asumir a responsabilidade no momento decisivo e cagouna. Quedou paralizado no sitio, agardando polo seu destino. Dende ese

momento, todo aconteceu en menos dun minuto. O almirante, nunha reviravolta espectacular para os seus anos, deixou inconscientes ao mangallóns batendo a cabeza de un contra a do outro. Os que se achegaban polo fondo enxergárono perfectamente e botaron a correr coma se lles estivese saíndo o tren. Chimpei dentro da garita pola ventá para coller as chaves de contacto das motos. Había preto de vinte chaves e ningún letreiriño salvador. Á miña saída, Kowalsky xa estaba embutido no sidecar con casco e todo, e Cigarrón empuñaba o guiador con cara de velocidade. Carballo, a quen non lle daba tempo de chegar pola perna facíame acenos para que o recollese xusto perante a barreira da ponte. Xa apertara o botón e comezaba a se elevar.

Dúas chaves semellantes cunha pequena empuñadura de plástico tiñan todas as papeletas para seren as indicadas. Mais probei con unha e non xiraba. Por sorte, a miña experiencia como vixía convertérame en campión mundial do xogo das parellas, e atopei o outro par de xemelgas existente comparando, en milésimas de segundo que pasaron coma horas, os corpos das dezaioito chaves restantes. Lanceille unha a Xerome e os motores comezaron a ruxir. Podería xurar que tiveron unha erección nese mesmo instante, como había moito tempo que non tivera.

Os vixilantes da quenda da mañá xa alcanzaran a esquina da leste coa norte e desenfundaban as pistolas cunha emoción visible. Djukic xa estaba axeonllado no asfalto, chorando coma un Boabdil. Carballo agarroume do traxe con tanta forza, cando o recollín case sen reducir, que case racha no acto. O disparos voábanos en bandadas, coma paxaros migratorios, tan preto do corpo que as súas estelas me fixeron severos cortes na carne da face. Xa estabamos case na metade da ponte, pero as balas aínda chegaban onda nós.

Esas motos de paseo non soportaban a aceleración á que as estabamos a someter. Así, crebou o sidecar onde o almirante ía arrecunchando saíndo propulsado directamente ao canal. Non podendo mirar cara atrás, preguei para os meus adentros que Kowalsky aínda tivese forzas para se mergullar como pensara facer nun principio. Cigarrón, desequilibrado pola repentina redistribución do peso do aparello foi parar do mesmo xeito ao lado contrario. Eu mantíñame firme só pensando en me perder tras do *smog*, de seguro que as lufadas de disparos non resistían máis aló del.

Xa comezaba a sentir o ácido baboso no rostro cando lle atinaron a Carballo xusto no medio do lombo e esvarou do asento coa lixeireza propia do pirata asaltador, malia que el fose o abordado. Tendo xa penetrado plenamente no *smog* só puíden intuír a súa poeirenta caída, coma nunha peli do oeste.

A nebulosa agre proíame nos ollos ata ferir, coma se vinte pestanas me caesen a un tempo enriba do globo ocular. Choraba sen control e xa non distinguía máis ca cores diante de min. Nese momento, e sen deixar de xirar a empuñadura do acelerador, imbuído pola derrota dos meus compañeiros, tiven a certeza de que ía morrer. Non obstante, xusto cando comezaba a adoptar a postura para bater directamente coa cabeza no chan e non agonizar, todas as cores cincentas mudaron en verdes intensos. Sentín vertixe, o terror das centésimas antes do impacto, o mesmo que sentía cando de neno xogaba a ir polas corredoiras cos ollos pechos e non os mantiña máis de tres pasos, ese instante en que advirtes que a dor física esta a coller carreiriña para che dar unha boa aperta. Collín un baixío e saín disparado por riba da moto. Gocei da caída coma se non fose comigo, sentíndome flotar. Deume tempo a me desprender da roupa toda e aínda non caera. Turrei dos cabelos, trisquei os dedos, tusín con forza. Liberei o meu esfínter uretral coma unha mangueira embravecida sobre a herba e aínda non caera. E tan pronto

rematei repousei suavemente mesturándome coa terra fresca e húmida, coma se fose unha pataca. Ás veces as longas historias rematan nun suspiro lene.

Terceiro apunte:

Xa recobrei a vista, e estiven dando voltas polos arredores. Só parece haber monte. Definitivamente o Purgatorio debía de estar lonxe de calquera sitio, pois non atopo rastro de civilización. Decidín optar pola liña recta. Ir en sentido contrario ao desa cripta non pode ser mala idea.

Cuarto apunte:

Volvo comezar. As greas de xente guíanme en peregrinación cara ao mundo dos vivos, ou o ceo, ou onde sexa que me tocou ir dende o Purgatorio. Vou bastantes metros por detrás. Eles non me convidaron, pero tampouco me dixeron que dese volta. Deixo me levar cos ollos pechos, no éxtase que me propina sentir a luz do sol de cheo na cara. Xa non teño medo a me estampar.

Paseniño seguindo a recta cheguei a un outeiro onde todos eles facían cola. Logo de pensar “que regalarían aí”, decateime de que agardaban a quenda para botar unha ollada por un deses chintófanos con prismáticos. Estaba nun miradoiro. Discretamente, sen ánimos aínda para falar con ninguén, decidín poñerme na cola. escoitando e observando, decateime de que ningún deles falaba o meu idioma. Nunca aprendín outras linguas, polo que nin sequera era capaz de recoñecer en cal conversaban. Seguín ao meu. Procuraba abstraerme do meu aspecto, que era deplorable, pero a xente si que se decatava e dirixíanme olladas de noxo. Fodíanse, que eu estaba agardando a miña quenda con tanta ou máis humanidade ca eles.

Cando xa estaba por quedar durmido do aburrimiento, tocoume. Dobreime ante o telescopio en cuestión e pouco faltou para que me quedasen atoados os ollos logo do que vin. Estaba enfocado cara a fiestra dunha fachada escura e gris. Non había cortina que cubrise a fiestra. Un home estaba sentado tras dela, e co nodelo do seu índice flexionado batía nos vidros a tempo *piano*. Como pregando que o deixasen saír de alí, pero tendo batido xa moito como para conservar enerxías. Era o pobre de Xerome. Con razón me lembraba a min mesmo. Parecía estar no departamento á beira do vertedoiro do Antro. Alcei a mirada e constatee a presenza do *smog* alá diante no cavorco. Agora eu mesmo formaba parte do Iso contra o que tanto perxurei.

Fixen un aceno de despedida por se Xerome o sentía como eu tiña sentido cousas tras da ventá e agardei a que todos se dispersasen. Onde ía ir eu só?

Quinto apunte

Hai un cuberto no miradoiro. Vou quedar a durmir aí que na cidade non me queren. Coma se fose para tanto. Excepto polas mulleres, os locais, as luces, a liberdade, a vida e todo iso, pero bah... Dun Antro a outro. Non se pode saír da espiral. Fodinlles o chintófano dos prismáticos.

E agora se queren espectáculo que o baixen buscar.